

TRIBUNA ABERTA

EVARISTO DOMÍNGUEZ RIAL
XOSÉ M^o. LEMA SUÁREZ

De Brandomil a Mauthausen

NESTES días nos que se está a falar do 60 aniversario da liberación do campo de exterminio nazi de Auschwitz, vennos á mente que persoas da nosa terra tamén se viron afectadas pola barbarie nazi. O que vai de contado é un bo exemplo desta afirmación. Nas investigacións que levamos a cabo conxuntamente sobre o Concello de Zas, hai xa algúns anos, atopámonos cunha biografía que ben podería estar de actualidade polos feitos que se conmemoran estes días.

Poidera parecer que o nazismo pouco ou nada tivo que ver coa Costa da Morte, pero se se busca un pouco na historia veremos que non é así. A información que segue foi facilitada por un fillo do protagonista desta historia que, residente na parroquia de Brandomil, colaborou con nós moi amablemente, facilitándonos ademais dous documentos, en francés e español (unha *attestation* procedente de Le Chef du Bureau des Déportés e Status Divers, e un certificado do Servicio de Estadísticas y Ficheros de la Federación Española de Deportados e Internados Políticos, firmada en París o 28 de febreiro de 1985).

Biografía

Valentín Ramos González naceu en Brandomil, na casa de Ramos, no mes de maio de 1899 ou de 1900. Casou o 27 de abril de 1927. Residía en Madrid cando estalou a guerra civil e loitou no bando republicano. Cando remata a guerra, coa derrota da República, foxe a Francia para evitar a represión que se aveciña. As súas desventuras continúan no país veciño, pois de contado vai estalar a Segunda Guerra Mundial, que trae como consecuencia a ocupación do territorio francés polas tropas alemáns.

Como outros moitos republicanos españois, tomou parte activa na segunda grande guerra facéndolle fronte ás tropas de Hitler ao lado da resistencia francesa, pero moi axiña, xa en xuño de 1940, foi feito prisioneiro de guerra na localidade de Epinal (nos Vosgos, ao noroeste de Francia, non lonxe da fronteira alemá, polo que é de supoñer que estaría na primeira liña de fogo) e trasladado máis tarde polos nazis, o 25 de xaneiro de 1941, ao tristemente famoso campo de concentración de Mauthausen (Austria), onde morre o 9 de setembro do mesmo ano, quen sabe de que xeito e despois de que sufrimentos e torturas.

E. Domínguez e X. M^o Lema son historiadores.

NINGUÉN É tan cazurro como para non ver a utilidade da investigación en todos os campos se isto mellora o benestar dos habitantes do planeta terra. Con todo, estannos vendendo os logros da conquista do espacio como algo case de ciencia ficción. Estanse facendo realidade moitos soños de xente visionaria que predixo unha morea de acontecementos que hoxe son cotiás.

¿De que lle valeu ao home demostrar que era capaz de viaxar á lúa ou a Marte incluso sopesando a posibilidade de instalarse alí? A investigación espacial pode contribuir ao desenvolvemento da ciencia. Pero, ¿de que lle vale ao home gastar miles de millóns en intentar demostrar se existe vida diferente da nosa no universo? ¿Que finalidade ten isto mentres haxa millóns de habitantes que viven en condicións impropias dun mundo rico e poderoso? ¿Que finalidade ten



ANA GARCÍA

Unha muller busca comida nun contedor en Carballo (arquivo)

isto mentres seguimos ignorando aos nosos semellantes que morren coa fame? É máis, incluso nos despreciamos e loitamos entre nós por un cacho de terra, sobre todo se ese cacho de terra está inzado de pozos petrolíferos ou de pedras preciosas. ¿Haberá unha guerra espacial cando haxa que repartir o universo?

¿Non sería máis prudente re-

solver primeiro os problemas da humanidade con todos eses miles de millóns que se despilfarran sen xeito nin traza? O ser humano non será tal mentres exista a pobreza, o racismo, as guerras, as dictaduras, as enfermidades, a fame, a miseria. Despois de demostrar quen ten a hexemonía da colonización aquí na terra, ¿hai que demostrar quen manda aló

BUZÓN DEL LECTOR

Empregos e medio ambiente en Muxía

¿ESTAMOS EN Europa? É increíble o deste municipio, donde para crear postos de traballo (piscifatoría de Touriñán) estean xogando desta maneira coa xente que só quere un traballo digno, e que está cansa de emigrar a Canarias, Barcelona, Suíza...

Indignación porque, para facer un cursoño de acuicultura, haxa que ter recomendacións ou ter que ler un determinado xornal. E, como naturalista que son, sinto rabia e dor polas críticas de responsables de Adegas respecto a esta piscifatoría, e do impacto ambiental que vai crear. Dicitelles que é compatible o progreso e a natureza, que se presuma desta maneira de ecoloxía barata e onde estamos anos luz de países como Alemaña, Suíza e outros, onde hai fábricas na beira dos ríos e aínda podes disfrutar da pesca. E aquí, no río Castro, un dos mellores ríos da comarca (antaño), que agora teñamos que ir á desembocadura do río Lires, en Cee, a pescar troitas que se lle escapan cunha mascariña polo cheiro que desprenden os tubos de desague, ou ter que andar con coidado polos restos das redes dos furtivos, que están aínda con restos de troitas.

¿Onde están os de Medio Ambiente (Xunta de Galicia), Garda Civil ou eses naturalistas de verdade? Fai trinta anos subían salmóns e reos, e agora hai unha présa sen sitio para

poder subir. ¿De verdade estamos en Europa?

Carlos Pérez Vidal. Muxía

Máis papistas có Papa

Acaba de chegar ás miñas mans o número 19 de *O Candil* (*Boletín desenfadado do arceprelado de Soneira*), dos meses de decembro 2004-xaneiro 2005, que editan os párrocos deste arceprelado.

Contra o que esperaba, a cabeceira é o único que aparece en galego de todo o boletín, o que indica o escaso aprecio que senten os seus editores polo noso idioma, o idioma da xente sinxela, tal como era o arameo no que se expresaba Xesús (que non utilizaba nin o hebreo nin latín das clases altas); en base a isto, quizais fose mellor que substituísen a enganosa cabeceira por un máis clarificador *El Farol* (só é unha suxerencia).

Pero o que máis chama a atención son un par de artigos que aparecen nas páxinas interiores; nun deles arremétese con inusitada virulencia contra determinada emisora de radio, como se a alguén lle fose a vida neso, para pasar despois a defender as excelencias doutra emisora cun ideario «inspirado por los principios del humanismo cristiano, hacer primar el rigor y el entusiasmo por esclarecer la verdad de la información» (non hai moito, esa emisora tan exemplar recibira protestas da propia Casa Real por certas informacións, e se

vira complicada cunha páxina web de contidos bastante escabrosos.

Noutro artigo (p. 5) danse dez motivos para ir a misa, sendo o cuarto nada menos que a obediencia debida á Igrexa, porque en caso contrario, «faltar a misa es un acto de rebeldía», e o quinto motivo é que irías dereitiño ao inferno («Cometerías pecado mortal y no creo que te quieras ir al infierno por esto... su incumplimiento es una falta grave. No te olvides que un día te morirás...»); cando xa o Papa dixo que o Inferno non existía, neste arceprelado enmédaselle a plana ao Sumo Pontífice e séguese ameazando con el: parece que volvemos ao nacionalcatolicismo dos anos corenta, e que a renovación que supuxo o Concilio Vaticano II non chegou a esta comarca. Como se sigan buscando argumentos tan pobres, non me estraña que a xuventude se aparte cada vez máis da Igrexa.

S. T. G. Carballo

San Agustín

Desde que el Padre Sarmiento dejó constancia de que en el altar de la ermita de san Guillermo de Fisterra había una imagen de san Agustín, he seguido esta línea de investigación para aclarar los muchos misterios de este citado santuario.

Para aclarar o complicar las cosas he aquí que los fisterrés dirigieron el siguiente escrito

enriba (ou aló embaixo)?

Cunha parte do que se gasta nas guerras e en foguetes espaciais, a maior parte dos lugares poderían converterse en paraísos eliminando definitivamente as capas marxinais da nosa poboación que viven en chabolas sen os recursos mínimos para levar á boca o necesario e para mercar uns trapos con que vestirse.

Alegra saber que polo menos as organizacións non gobernamentais que traballan en todo o mundo en defensa dos máis débiles, tratan de unir as súas forzas para acabar dunha vez coas inxustizas no mundo. Os cidadáns colaboramos cunha pequena cantidade que se fai inmensa en lugares onde non hai nin sequera un anaco de terra para plantar patacas ou cereais, onde non hai nin sequera unha fonte para encher unha botella de auga potable, onde non hai nin sequera unhas pastillas para curar un catarro.

a su arzobispo de Santiago el 19 de enero de 1901: «Que en tiempos antiguos, y en una de las partes más elevadas de este Cabo, que dice al lado sur de la iglesia parroquial, existía una capilla dedicada a san Guillermo de Vercelli, abad del monasterio de Monte Virgen, cuyo nombre lleva parte del monte, la cual capilla o santuario tenía en los tiempos de su existencia muchos devotos. A pesar de los muchos años transcurridos y de no conservarse de la citada capilla sino los formales con algunas piedras de los cimientos, no pasó en olvido aquel santuario y las personas que por su modo de ser tienen necesidad de subir a la cumbre de aquel monte para coger leña y esquilmos y pastorear ganados, se detienen delante de aquellas ruinas que algún día formaron parte de un templo católico, se arrodillan y hacen oración».

Puede parecer o no que este escrito —avalado por la firma de D. Francisco Esmoris de Recamán— resuelve definitivamente el problema de la identidad del santo bajo advocación estaba y hasta es posible que fuese su fundador. En efecto este san Guillermo de Vercelli que creó un monasterio en Monte Virgen y además peregrinó a Santiago de Compostela allá por el siglo XII por cuya razón no tiene nada de raro que estuviese en el Monte del Cabo.

José Ramón Insa Trava. A Coruña.